

Van ter lugar ao longo do segundo trimestre en diferentes períodos, **novos obradoiros de Polos Creativos nos recreos.**

Iremos informando das propostas e do alumnado ao que van dirixidas en cada momento.

Os días no que terán lugar serán o martes, mércores e xoves.

O novo obradoiro será o de "Deseña con Lapis 3D"

Está **dirixida a alumnado de 5º e 6º de educación primaria.**

Ao ser actividades que van ter lugar durante o tempo de lecer as titoras e titores deberán consultar ao alumnado se queren acudir ou non.



Cartel que se facilitará a todas as aulas destinatarias do Obradoiro para publicitalo.

As persoas encargadas do obradoiro van a facilitar uns listados de aula para que na primeira columna (Quere ir?) se marque con S (si) ou N (non) para cada alumna e alumno. A segunda columna é para que a persoa encargada do obradoiro poida marcar e confirmar a asistencia do alumnado cando teña lugar o obradoiro.

pri2a			
		QUERE IR? S/N	CONFIRMACIÓN MARCAR CUN X
1			
2			


Fragmento exemplo de listado de aula.

O listado será devolto ás persoas encargadas do obradoiro que no día establecido acudirán no recreo a buscar ao alumnado que lle toque.

Para garantir o éxito do obradoiro existe un límite de alumnado por actividade. Neste caso o **número máximo é de 6 membros de alumnado por sesión**. Xa que só contamos con 6 lápices 3D.

A previsión de datas de execución é a que segue:

CALENDARIO DE EXECUCIÓN



MARTES	MÉRCORES	XOVES
14/01/25 – 5ºA G1	15/01/25 – 5ºA G2	16/01/25 – 5ºA G3
21/01/25 – 5ºA G4	22/01/25 – 5ºB G1	23/01/25 – 5ºB G2
28/01/25 – 5ºB G3	29/01/25 – 5ºB G4	30/01/25 – 6ºA G1
04/02/25 – 6ºA G2	05/02/25 – 6ºA G3	06/02/25 – 6ºA G4
11/02/25 – 6ºB G1	12/02/25 – 6ºB G2	13/02/25 – 6ºB G3
18/02/25 – 6ºB G4	19/02/25 – 6ºC G1	20/02/25 – 6º C G2
25/02/25 – 6ºC G3	26/02/25 – 6ºC G4	

Este calendario pode ser susceptible de modificacións.

Calquera dúbida ou suxestión podedes falar coas persoas membros do equipo de Polos Creativos ou con Beni.

Achegamos tamén outra información sobre en que consiste o obradoiro por se queredes afondar un pouco máis nel.

DESEÑA CON LAPIS 3D

En que consiste o obradoiro?

- Explicación de como funciona unha impresora 3D.
- O alumnado escolle un modelo dun libro de deseños dispoñible no obradoiro.
- Facilitase filamento para a creación do deseño seleccionado utilizando os **lapis 3D**.
- Cada participante poderá elaborar e levar o seu deseño ao remate da actividade.

Obxectivos

- Adquirir habilidades básicas na utilización de ferramentas dixitais e tecnolóxicas.
- Mellorar a motricidade fina e a coordinación man-ollo.
- Fomentar a creatividade e a expresión plástica.
- Desenvolver a autonomía e a toma de decisións.
- Introducir o alumnado nas posibilidades básicas da **impresión 3D**.

Contidos

- Introducción aos lapis 3D: que son e como funcionan.
- Pasos básicos para a creación dun deseño en 3D.
- Exploración de diferentes modelos e elección do deseño.
- Uso de filamentos como material de creación.
- Realización práctica dun deseño tridimensional.

